



XVII Xornadas de Cultura Mariñeira

Muros Mira ao Mar / 2022

Do 8 ao 10 de xullo de 2022

Estimad@s compañeir@s

Mediante esta nota informamos da nova edición das XVII Xornadas de Cultura Mariñeira **Muros Mira ao Mar**, que terá lugar do **8 ao 10 de xullo** de 2022 e que terán como temática central as embarcacións tradicionais.

Acompañamos a esta información a folia de inscrición de embarcacións e tripulacións. O prazo de inscrición comezará co envío deste correo e finalizará o día 16 de xuño.

INSCRICIÓN DE EMBARCACIÓNS E TRIPULACIÓN

As Xornadas inclúen, ademais da xuntanza de embarcacións a flote, unha Mariña Seca estimada para un máximo de 6 barcos de tipoloxías variadas que incluírá a organización de demostracións ao público de manobras de izado de vela, remo, cabos e outras semellantes, polo que cada barco inscrito nesta actividade deberá contar con algún membro do colectivo titular que corra con este labor.

Igualmente, para o resto de embarcacións que participen nas Xornadas por mar está tamén previsto que se desenvolvan actividades como visitas guiadas aos barcos ou outras, ademais da propia navegación. **As tripulacións inscritas nas Xornadas deben comprometerse a participar nas actividades do programa de mar.**

Os xantares e ceas correrán por conta da AC Mar de Muros, estimando a razón de 2 tripulantes por barco de eslora <6 m (a flote ou en seco) e 5 tripulantes por barco de eslora >6 m, se ben estas estimacións poderán verse superadas se o permite o crédito dispoñíbel para esta partida.

Para durmir disporase de xeito gratuíto das instalacións da [Fábrica de Sel](#), que contan con liteiras, colchonetas e duchas, até completar o aforo (30 prazas).

Os barcos que se despracen por terra disporán dunha [rampla de varada](#). Os remolques disporán dunha zona para o seu estacionamento durante os días de estadía.

Para o cobro das axudas, os colectivos inscritos deberán emitir unha factura en regra á AC Mar de Muros polo importe conxunto dos barcos correspondentes, IVE incluído, de ser o caso.

Será responsabilidade das persoas ou colectivos armadores contar coas medidas de seguridade e documentación en regra para cada barco.



DATAS

As embarcacións inscritas deberán estar en Muros o venres día 8 de xullo durante a mañá, e permanecer como mínimo até o domingo día 10 ao mediodía, sen prexuízo de que este calendario poida adaptarse no caso de que as condicións meteorolóxicas así o aconsellen.

Favoreceranse amarres desde o domingo día 3 para os barcos que desexen anticipar a súa arribada.

PRAZO DE INSCRICIÓN

A inscrición de barcos e tripulantes farase enviando a folla adxunta por correo electrónico a mardemuros@gmail.com.

Nesa folla indicarse o nome do colectivo, persoa responsábel do grupo, número de membros do colectivo que integran o grupo (incluíndo a persoa responsábel), móbil de contacto, barco inscrito e características principais. Enviarase ademais, xunto coa ficha, unha fotografía actual do barco con boa calidade.

Na mesma folla farase constar calquera circunstancia especial que afecte aos barcos ou tripulantes, e que poida ser de interese para a mellor organización das Xornadas.

O prazo de inscrición ábrese co envío deste correo e finalizará o xoves 16 de xuño.

AC Mar de Muros

MUROS, 5 de abril de 2022



XVII Xornadas de Cultura Mariñeira Muros Mira ao Mar

Do 8 ao 10 de xullo de 2022

FICHA DE INSCRICIÓN

Enviar xunto cunha **foto actual do barco** a mardemuros@gmail.com

Prazo: até o 16/06/2022

BARCO				FOLIO		
COLECTIVO				Nº TOTAL DE TRIPULANTES		
NOME DA PERSOA RESPONSÁBEL				MÓBIL DE CONTACTO		
RESERVA XANTARES / CEAS	XANTAR VENRES	CEA VENRES	XANTAR SÁBADO	CEA SÁBADO	XANTAR DOMINGO	OBSERVACIÓNS
Nº						
MARIÑA SECA OU A FLOTE				O BARCO VÉN POR TERRA OU POR MAR		
TIPOLOXÍA				TIPO DE VELA(S)		
ESLORA		MANGA			CALADO	
BREVE INFORMACIÓN DO BARCO Nota: xuntar en arquivo aparte unha foto actual do barco.						
OBSERVACIÓNS DE CARÁCTER ESPECIAL (BARCOS OU TRIPULANTES)						